

ORDE do 17 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2018.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180426/AnuncioG0426-170418-0005_gl.pdf

AXUDAS A PLANTACIONS FORESTAIS

Beneficiarios:

1. Persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores, sen que se admita a cesión por parte do propietario do terreo a un terceiro.
2. As sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante CMVMC).

Liñas de axudas

- a) Axudas á primeira forestación de terras non agrícolas con especies do anexo I desta orde (coníferas).

A1 Piñeiro do país (altitude menor de 1.000 m snm) *Pinus pinaster*.

A2 Piñeiro silvestre *Pinus sylvestris* L.

A3 Piñeiro insigne *Pinus radiata* D. Don.

A4 Pseudotsuga *Pseudotsuga menziesii*.

A5 Piñeiro laricio *Pinus nigra*.

- b) Axudas á primeira forestación de terras non agrícolas con especies do anexo II desta orde (frondosas).

B1 Ameneiro *Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.

B2 Bidueiro *Betula* sp.

B6 Freixo *Fraxinus excelsior* L. e *Fraxinus angustifolia* Vahl.

B7 Castiñeiro *Castanea sativa* Mill.

B8 Castiñeiro híbrido *Castanea X hybrida* (resistente á tinta) (clon aprobado por orde da Consellería do Medio Rural).

B9 Cerdeiras silvestres e híbridos de produción madeireira *Prunus avium* L.

B10 Carballo *Quercus robur* L.

B15 Nogueira americana e híbridos de produción madeireira *Juglans nigra*.

B21 Pradairo *Acer pseudoplatanus*.

Contía da axuda

A intensidade de axuda para estas actuacións será do 100 % e a axuda calcularase sobre o custo real subvencionable do investimento determinado no correspondente proxecto técnico ou no anexo XIII, segundo sexa o caso.

Actuación obxecto da axuda e importes máximos subvencionables

- a) Gastos de plantación forestal e de área de defensa contra incendios forestais
 - a. O importe máximo do investimento en euros por hectárea de actuación, que se calculará aplicando os valores recollidos no anexo III, será de 1.853 euros en especies do anexo I (coníferas), e de 2.398 euros en especies do anexo II (frondosas).
 - b) As infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e cartel das novas forestacións que se realicen ao abeiro desta orde.
 - a. 255 € por cartel
 - b. 7.580 € por Km de peche perimetral
 - c. 2.956,07 € por km de arranxo de pista forestal

c) Tamén se subvencionarán os honorarios de redacción de proxecto, logo de solicitude, segundo o tope por hectárea indicado no anexo III de traballos, e só naqueles casos onde é obrigatoria a súa presentación.

Superficies mínimas e máximas

a) **Para todos os solicitantes**, con excepción das Sofor e os propietarios particulares de xeito individual, a **superficie mínima de actuación por solicitude será de 3 hectáreas** por couto redondo. Admitirase máis dun couto redondo.

b) Para **propietarios particulares de xeito individual a superficie de actuación mínima por solicitude será de 1 hectárea por couto redondo**. Admitirase máis dun couto redondo.

c) No caso das Sofor, a superficie mínima de actuación será de 3 hectáreas, nun ou varios coutos redondos e sempre e cando a superficie mínima de cada couto sexa de 1 hectárea. 2.

SUPERFICIE MAXIMA:

a) Para todos os solicitantes, con excepción das Sofor e dos propietarios particulares de xeito individual, a superficie máxima de actuación por solicitude será de 150 hectáreas nun ou varios coutos redondos, e sempre e cando a superficie mínima por couto sexa de 3 hectáreas.

b) Para propietarios particulares de xeito individual, a superficie de actuación máxima por solicitude será de 150 hectáreas nun ou varios coutos redondos e sempre e cando a superficie mínima por couto sexa de 1 hectárea.

c) No caso das Sofor, a superficie máxima de actuación será de 150 hectáreas nun ou varios coutos redondos e sempre e cando a superficie mínima por couto sexa de 1 hectárea. 3. En todos os casos a continuidade superficial do couto redondo non se verá interrompida pola existencia de barreiras naturais ou artificiais.

Condicións técnicas

Densidade mínima:

- a) Coníferas: 1.100 plantas/ ha
- b) Frondosas: 625 planas /ha

AS SOLICITUDES DEBEN FACERSE OBRIGATORIAMENTE POR VÍA ELECTRÓNICA

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR670B>

PRAZO REMATA O 28/05/2018